

## RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE PATRIMONIO MUNICIPAL E FESTAS

### Asunto: Requirimento de emenda das autorizacións nas festas do Santiaguíño do Burgo.

Iniciouse o expediente para o outorgamento de autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas do Santiaguíño do Burgo durante os anos 2022-2025.

Formulouse o prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos. Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 15 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP.

Os pregos de condicións das autorizacións, constitúen o acto que fixan as regras conforme se outorgan ou denegan as solicitudes de autorizacións, así como se exclúen do procedemento de adjudicación. Neste senso debe terse en conta que a formulación dunha oferta supón a aceptación incondicionada do prego de condicións.

Emitiuse informe para aprobar o prego e o expediente e aprobouse os pregos e o expediente.

Acordouse establecer como prazo para presentar solicitudes de autorización durante 15 días hábiles seguintes ao da publicación do anuncio de convocatoria no BOP.

Os pregos de condicións das autorizacións, constitúen o acto que fixan as regras conforme se outorgan ou denegan as solicitudes de autorizacións, así como se exclúen do procedemento de adjudicación. Neste senso debe terse en conta que a formulación dunha oferta supón a aceptación incondicionada do prego de condicións.

Na presentación de solicitudes observouse como diversos solicitantes presentaron de forma non correcta as súas solicitudes, sendo estas deficiencias emendables. Os defectos observados nas solicitudes son cinco: non achegar copia do DNI, non presentar o compromiso de subscribir un seguro de responsabilidade civil ou non achegar copia simple deste, presentar copia do seguro de responsabilidade civil por menor importe do requirido no prego de condicións, presentar xustificante vencido de pagamento do seguro de responsabilidade civil e non estar asinada a solicitude de autorización. Admitíase que non se achegara estes documentos sempre que na licitación de postos anteriores fose facilitada ao Concello de Pontevedra e non perdesen vixencia. Non obstante, varios interesados nin o achegaron anteriormente nin a achegan a este e polo tanto debe requirirse a súa achega.. Así mesmo, se a solicitude non esta asinada debe requirirse para que se asine.

O artigo 7 do prego de condicións das autorizacións en réxime de concorrencia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas do Santiaguíño do Burgo durante os anos 2022-2025, determina que de observarse defectos ou omisións emendables na documentación presentada, ou requirirse a achega de documentación complementaria, ditarase resolución da concelleira de Patrimonio Municipal e Festas e comunicarase verbalmente aos interesados concedéndolles un prazo de 2 días hábiles para a súa emenda ou achega.

Estes requirimentos poderán efectuarse verbalmente, sen prexuízo do correspondente anuncio no perfil do contratante da sede electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal). O prazo para cumprimentar o requirimento comezará a contar a partir da publicación deste requirimento na sede electrónica do Concello.



En consecuencia, procede requirir os solicitantes que presentaron as solicitudes incorrectas con defectos emendables, para que nun prazo de dous días hábiles emenden estas solicitudes en cumprimento do disposto no artigo 7 do prego.

A vista do exposto, **RESOLVO**:

PRIMEIRO.- Requirir no procedemento de outorgamento de autorizacións en réxime de concorrncia ou licitación pública e forma de poxa pública á alza para a ocupación do dominio público municipal mediante postos nas festas do Santiaguíño do Burgo durante os anos 2022-2025, aos solicitantes que de seguido se especifican para que emenden a omisión ou defecto que se indica:

Nome do solicitante	Omisión ou defecto da solicitude
JUAN CARLOS PEREIRA CARNEIRO EN RELACIÓN AO POSTO 5	Non achega copia do DNI e non presenta o compromiso de subscribir un seguro de responsabilidade civil ou non achega copia simple deste.
CARLOS LISTE VILLAVERDE EN RELACIÓN AO POSTO 8	Non achega copia do DNI.
OUTEIRO GRANDE TRANSPORTES, S.L. EN RELACIÓN AO POSTO 10	Presenta copia do seguro de responsabilidade civil por menor importe do requirido no prego de condicións.
MARÍA DEL CARMEN REY GARCIA EN RELACIÓN AO POSTO 24	Presenta copia do seguro de responsabilidade civil por menor importe do requirido no prego de condicións.
JOSE ALBERTO ANRANGO CEPEDA EN RELACIÓN AO POSTO 30	Non presenta o compromiso de subscribir un seguro de responsabilidade civil ou non achega copia simple deste.
MARIA TERESA ARZUA TIZON EN RELACIÓN AO POSTO 31	O xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil está vencido.
MARIA ROSA MOURE CARBALLO EN RELACIÓN AO POSTO 34	O xustificante de pagamento do seguro de responsabilidade civil está vencido.
ALEJANDRA MONTES MOURE EN RELACIÓN AO POSTO 35	Non presenta o compromiso de subscribir un seguro de responsabilidade civil ou non achega copia simple deste e non está asinada a solicitude de autorización.
MARIA BEGOÑA COSTAS PEDRIDO EN RELACIÓN AO POSTO 43	Non presenta o compromiso de subscribir un seguro de responsabilidade civil ou non achega copia simple deste.
CRISTINA RUBIO SUAREZ EN RELACIÓN AO POSTO 47	Presenta copia do seguro de responsabilidade civil por menor importe do requirido no prego de condicións.
SABINA RUBIO SUAREZ EN RELACIÓN AO POSTO 48	Non presenta o compromiso de subscribir un seguro de responsabilidade civil ou non achega copia simple deste..
MANUEL ALCAZAR BERMUDEZ EN RELACIÓN AO POSTO 56	Non presenta o compromiso de subscribir un seguro de responsabilidade civil ou non achega copia simple deste..
CHEIKH MBENGUE DIAYE EN RELACIÓN AOS POSTOS 70 E 71	Non esta asinada a solicitude de autorización





**Concello  
de Pontevedra**

Segundo.- O prazo no que se debe atender os requirimentos indicados no punto anterior é de dous días hábiles a partir do día seguinte á publicación desta resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra na sede electrónica do Concello. Advírtese aos requiridos que de non atender debidamente o requirimento en prazo, serán excluídos deste procedemento de adxudicación.

Terceiro.- Dispor a publicación desta resolución no perfil do contratante do Concello de Pontevedra e comunicarlle verbalmente os interesados.

Pontevedra, na data de sinatura electrónica  
A concelleira de patrimonio municipal e festas

Dou fe, o secretario admon. Municipal

María Carme da Silva Méndez

José Carlos Castiñeira Piñeiro

